

Ana Acuña Trabazo / Xosé Henrique Costas González / Rexina Rodríguez Vega (2022): *Caer abrindo círculos pechados. Homenaxe á profesora Amparo Solla*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 326 páxs.

Baixo a coordinación de Ana Acuña, Henrique Costas e Rexina R. Vega, o Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo (DFGL) edita este libro de homenaxe á profesora Amparo Solla cun título metafórico que recolle unha das súas expresións favoritas para referirse a algún episodio da vida. O departamento, ó que a profesora Solla pertenceu durante anos, quere agasallala polo seu labor docente e por ser un elo de unidade.

Prologa o libro a amiga e profesora do Departamento de Lingua Española, Rexina Rodríguez Vega cunha fermosa e «interesante nota íntima e biográfica» na que fai un percorrido selectivo pola biografía da homenaxeada en oito apartados seguindo a cronoloxía da súa vida. A partir dunha introdución en que fala da súa relación coa homenaxeada, dá unha breve caracterización dos pais e, situándoa nos lugares onde viviu na infancia, adolescencia e xuventude, relata os episodios máis significativos da súa vida nas relacións e amizades. Remata a biografía no tempo de docencia en Ourense e Vigo.

Di na introdución a biógrafa que «nunha universidade burocratizada, tremendamente competitiva e, adoito falta de empatía, a profesora Solla concibiu o seu traballo como un exercicio extremo de interacción. escoitar o alumnado, ser quen de velo, dirixirse persoalmente a todos e cada un dos que se sentan [...] para asistir ás aulas». Concorro con ela na valoración do traballo docente da profesora Solla, pois sabemos que nas aulas utilizaba unha técnica maiéutica, facendo preguntas e pedindo respostas ó alumnado, nunha aprendizaxe reflexiva e dedutiva.

A ese primeiro capítulo de datos biográficos, séguenlle outros catorce con traballos, maioritariamente do profesorado do DFGL, que, como adoita suceder en obras deste tipo, pertencen a diferentes campos científicos. A variedade temática dificulta o agrupamento en apartados e, quizais fose ese o impedimento para facer unha ordenación dos traballos, que tampouco están situados por orde alfabética dos/as autores/as.

Consciente das dificultades e da pouca precisión que poida ter a miña proposta, dividireinos en tres amplos apartados segundo o tratamento dado ó tema en cada colaboración: 1. Crítica, teoría e historia da literatura galega e portuguesa. 2. Socioloxía e Estudos culturais. 3. Etnografía (folclore e fraseoloxía).

Asinan traballos do primeiro apartado: Xosé Luís Sánchez Ferraces (02), Javier Pérez Guerra (05), Manuel Forcadela (10), Xosé Antonio Fernández Salgado (11), Xosé Henrique Costas (13), Fernando Dacosta (12) e Anxo Angueira (14). Son cinco profesores do DFGL e un do de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá (DFIFA) da Universidade de Vigo.

O profesor Sánchez Ferraces (02) fai unha análise minuciosa da estrutura e do significado do longo poema «A Caranguejola», do escritor portugués Mário de Sá

Carneiro (1890-1916), un home perdido no «laberinto do propio eu». O poema está incluído no final do libro *Indicios de Oiro* (1937), publicado despois da morte do autor pola revista *Presença*. É un dos poemarios máis representativo da vida interior do autor para a crítica portuguesa. Sánchez Ferraces, admirador de Sá Carneiro, trata de desentrañar o sentido do poema «A Caranguejola» axudado por cartas do poeta ós seus amigos João Gaspar Simões e Fernando Pessoa, e polas respostas deles. É na súa opinión un poema «desgarrador por mor da determinación conclusiva que as súas estrofas desprenden».

No capítulo 05, Javier Pérez Guerra, profesor do DFIFA, analiza un texto representativo do libro *Merlín e familia* de Álvaro Cunqueiro nas versións galega e castelá utilizando unha análise forense para determinar a complexidade lingüística en cada versión. Na introdución hai unha explicación dos «estudos previos sobre “complexidade”, con métricas empregadas en investigacións de aprendizaxe das segundas linguas, propoñendo unha taxonomía de índices de complexidade léxica, morfosintáctica, textual e semántica» que poidan calcularse computacionalmente pola aplicación informática Azter (Test da Universidade do País Vasco). Con esa nova técnica, o profesor Pérez Guerra trata de descubrir se as dúas versións difiren na complexidade lingüística de maneira significativa ou se unha é a tradución literal da outra. A conclusión é que as diferenzas son mínimas.

Manuel Forcadela, poeta ademais de profesor, analiza no capítulo 10 a relación da escritura co xénero en sete novelas galegas de autoras vivas, que van dos trinta ós cincuenta e tantos anos. Na introdución sinala que a narrativa escrita por mulleres foi cambiando a denominación no transcurso dos anos, de «intimista» á simple «narrativa de mulleres», despois de anos etiquetada como «feminista»; cambios marcados pola evolución da sociedade e, sobre todo, pola concepción do feminismo. Con todo, á narrativa feita por mulleres, aínda no noso tempo lle custa ser considerada dentro das modalidades xenéricas (histórica, costumista, vangardista...) como sucede coa narrativa escrita por homes. As novelas de autoría feminina son só «de muller». Forcadela conclúe sinalando que, malia ás diferenzas existentes entre as distintas autoras e o tema tratado, a narrativa feita por mulleres ten unha serie de trazos marcados polo sexo que son determinantes na escritura.

No capítulo seguinte (11), o profesor Xosé Fernández Salgado presenta e analiza unha poesía inédita gardada no arquivo do escritor Marcial Valladares (1821-1903), dedicada «A C***» e asinada por Maiclar, en 1850. Componse de setenta e dous versos de oito e catro sílabas dirixidos pola voz poética a unha muller pola que sente un fondo amor e precisa vela como noutro tempo en lugares dos antigos encontros. Fernández Salgado atribúelle a autoría a Valladares unha vez comprobado que ten os mesmos trazos lingüísticos doutras composicións súas, a relación dos topónimos citados na poesía coa vida do escritor estradense e que o pseudónimo Maiclar xa aparece asinando outros textos. Esta composición poética de 1850 sitúa o autor de *Maxina ou a filla espúrea* (1880) como un poeta antecesor do Rexurdimento.

Fernando Dacosta é autor dun traballo de historia do «Teatro universitario en Galicia» (12) a partir de 1990. Inicia o artigo cun repaso breve ás actividades teatrais

de compañías de universitarios desde 1950 ata 1970, tempo no que o TEU (Teatro Estudiantil Universitario) desenvolve unha sorprendente actividade na produción e representación de obras dramáticas, esencialmente, en Santiago, onde estaba a única universidade que había en Galicia. A partir de 1984, coa creación do «Centro dramático galego» (CDG) polo Director xeral de cultura, Luís Álvarez Pousa, increméntase a creación de novos grupos en distintos lugares de Galicia, aumentando o número de representacións. Na década seguinte de 1990, a actividade teatral segue medrando co apoio institucional, e medrará en calidade e alumnado coa creación en 2005 da Escola de Arte Dramática en Vigo, ademais de establecer unha maior relación dos grupos galegos universitarios con compañías doutras áreas e países etc. No derradeiro apartado Dacosta fala da situación actual e das perspectivas de futuro que ten o teatro universitario.

No capítulo 13, o profesor Henrique Costas volve tratar da alofonía fantástica en Álvaro Cunqueiro, tema no que leva anos investigando. Entre 1958 e 1981 o escritor mindoniense, que foi director do xornal durante cinco anos, publica no *Faro de Vigo* preto dunhas 3.000 colaboracións asinadas con centos de nomes. Costas fai un repaso dos nomes falsos utilizados por Cunqueiro no xornal vigués que xa tratou noutros artigos, e conta como foi atopando información e descubrindo que eran do escritor mindoniense. Neste artigo dá conta da investigación actual sobre trinta e cinco nomes de poetas descoñecidos, polo de agora, publicados como traducións. E remata o artigo referíndose á sinatura de «axudante de tradución» que aparece xunto a un falso nome en dúas poesías, supostamente traducidas do alemán e do sueco, como unha fabulación máis da mente do xenial escritor que foi Cunqueiro.

Completa o primeiro apartado o profesor Anxo Angueira no capítulo 14 cun artigo de historiografía da literatura. Analiza as ideas expostas por Emilia Pardo Bazán en artigos da *Revista de Galicia* (1880), que ela dirixía, e no discurso que fai para honrar a memoria de Rosalía Castro, o 2 de setembro de 1885, «La poesía regional gallega» (recollido no libro *De mi tierra* de 1888). A escritora coruñesa é a primeira en facer un traballo historiográfico sobre a poesía «regional» galega, que non chama «Rexurdimento»; denominación que se lle dará a esa etapa nos primeiros anos do século XX, en paralelo á Renaixenza catalá. A condesa atribúelle pouco valor á poesía galega contextualizándoa coa importancia da literatura catalá da mesma etapa. Angueira cre que o menosprezo que a condesa tiña da lingua galega lle impediu valorar sen prexuízos a poesía galega feita por Rosalía Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

No segundo apartado de «Socioloxía e Estudos culturais» xuntei artigos de diferentes ámbitos e temas: pedagóxico, sociolóxico, traballo e creación, relacións culturais e toponimia. E inclúo nel os traballos de: Hermes Salceda, (03), profesor do DFIFA; das profesoras Mercedes González Vázquez (07) e Ana Acuña Trabazo (15) e do profesor Alexandre Rodríguez Guerra (04), do DFGL, ademais de Victor Fresco Barbeito, exalumno da FFT, (09).

Hermes Salceda fai unha crítica dos métodos pedagóxicos vixentes no sistema educativo español, en especial nos estudos de Letras, nos que as materias das carreiras continúan tendo programas baseados no método de «ensino-aprendizaxe da lingua e da literatura como descrición do código lingüístico e memorización da historia literaria». Un modelo de «control da disciplina» mediante a memorización de contidos, que de maneira máis intensiva, foi o utilizado na etapa da Ditadura de Franco. O que contribúe a dificultar a aprendizaxe para unha boa parte da sociedade actual inmersa nas plataformas audiovisuais. O profesor Salceda reitera a necesidade de aplicar no ensino modelos máis adecuados ás novas tecnoloxías da comunicación, aínda que ten pouca esperanza de que iso se vaia facer nun futuro próximo. Un informe da OCDE sinala que existe unha resistencia difícil de superar a calquera intento de modernizar a aprendizaxe no campo das Letras.

O artigo de Mercedes González Vázquez (07) é un traballo de socioloxía sobre comportamentos lingüísticos galegos. Analiza os estereotipos culturais atribuídos á identidade do pobo galego evidenciados no estilo comunicativo baseándose no uso das palabras *seica* e *disque*, para dicir algo sen identificar o suxeito da información que adoita ser a propia persoa que o di («seica / disque non estás ben!»). O mesmo sucede co uso do verbo perceptivo *ver* («vexo / vese que...») para opinar algo sobre alguén como se fose evidente («vexo que non tes ganas de ir alá»). O emprego destes e doutros termos semellantes na práctica comunicativa caracterizan os falantes cos estereotipos de desconfiados evadindo respostas comprometidas para non posicionarse. Como conclusión do traballo, a autora sinala que «en galego primase estratexias características das culturas de afastamento como son a atenuación e a indireccionalidade, e téndese a un estilo comunicativo máis orientado ao oínte, máis colaborativo, deferente e empático» afastándonos das «culturas do achegamento».

No capítulo final do libro, Ana Acuña Trabazo (15) describe o traballo das mulleres do mar desde unha visión que chama «ecocrítica», unha nova póla da crítica literaria para analizar a relación entre literatura e ambiente. Polo que este artigo podería situarse no apartado de crítica, mais o obxectivo do traballo levouno a situalo nestoutro. En «Corpos de traballo» (nos medios de comunicación e na literatura), na primeira parte do texto, describíense as tarefas das traballadoras do mar, na casa e fóra; coméntase a visión que ofrecen os medios de comunicación dese traballo feminino e preséntanse os versos dunha poeta mariscadora recordando a vida dunha muller que vendía berberechos. A segunda parte, «Territorios», refírese ás actividades da asociación coruñesa In Nave Civitas creada por Xurxo Souto con traballadoras do mar, na que se combina a creación literaria e o respecto ó ambiente, baseado na relación dos humanos cos peixes. E «Resistencia», a parte final, dá conta das loitas das mulleres que traballan no mar con accións feministas e reivindicativas tratando de mellorar o seu traballo.

O profesor Rodríguez Guerra (04) fala das relacións epistolares dun grupo de escritores e xornalistas galegos con Miguel de Unamuno. Analiza corenta e oito cartas que vinte e seis remitentes lle envían ó escritor a Salamanca desde Galicia, entre 1901 e 1935. Divide as cartas en dous grupos: as enviadas desde Vigo, que xa

foron publicadas polo autor do traballo en 2000, e oito inéditas. Ordénaas alfabeticamente e ilustra o conxunto cun gráfico estatístico que mostra por anos o número e o tipo de cartas recibidas por Unamuno desde Vigo. Comenta tamén Rodríguez Guerra as dedicatorias que atopa en tres libros de autores galegos que, como as epístolas, garda a Casa Museo da Universidade de Salamanca dedicado ó escritor vasco. O artigo remata salientando a importancia do xornal vigués *El Pueblo gallego* e dos seus colaboradores nas relacións con escritores de diferentes países do mundo. Sen dúbida, este traballo podería incluírse no apartado de literatura, mais o obxectivo non é literario senón sociolóxico.

Victor Fresco Barbeito ofrece un longo traballo (09) no que cartografa «os apelidos representativos dos concellos de Galicia». Unha vez afastados os antropónimos galegos dos que pertencen a outros lugares, da Península Ibérica e do resto do mundo, vai rastrexando antropónimos polos concellos de Galicia. O autor elabora un índice que, na súa opinión, permite ter unha idea rápida e aproximada da distribución dun apelido e predicir o lugar de onde procede, pois en moitos casos é de orixe toponímica. É un texto longo e complexo cargado de siglas, ecuacións, porcentaxes, estatísticas e gráficos que o achegan ó discurso matemático, e non resulta de lectura fácil.

No apartado final de etnografía e folclore inclúo só dous artigos, o de Andrea González Pereira (08), exalumna da FFT, e o da miña autoría, exprofesora do DFGL.

O de González Pereira (08) é un traballo paremiolóxico, en que se analizan 129 expresións galegas figuradas que teñen o referente *can* ou *cadela*, en metáforas atribuídas a humanos masculinos ou femininos. Os zoomorfismos utilizados como exemplos están recollidos en fontes escritas, en especial, de refraneiros e dicionarios xerais ou específicos de fraseoloxía. A autora ordénaos por campos temáticos repartidos en dous grupos, segundo o carácter ou condición humana e polas características físicas da persoa. Unha división que pode resultar inexacta nalgúñas expresións, como mostra a repetición dos mesmos exemplos nos dous grupos. A conclusión é que o can, compañeiro desde tempos remotos do ser humano, pode representar fidelidade e xenerosidade, pero tamén comportamentos de agresividade, voracidade no comer, lacazanería, medo, lascivia... o mesmo ca unha persoa. O obxectivo do traballo é mostrar cal é a percepción que teñen os galegofalantes do can e da cadela atendendo ás relacións que establecen os humanos con ese animal e con outros.

O traballo do capítulo 06 sobre contos galegos de sexo é da miña autoría. O tema leva unha breve introdución sobre a presenza do erotismo na narrativa popular e na escrita desde as primeiras aparicións nos fabularios gregos. Séguelle un comentario sobre a interrelación entre contos da oralidade e escritos, sen a cal moitos dos primeiros non chegarían a nós, e dunhas notas sobre a clasificación dos contos eróticos. A cerna do artigo é a presentación e comentario de seis contos referidos ó sexo, con máis ou menos erotismo, recollidos na oralidade nos últimos trinta anos. A versión galega vai acompañada da doutras linguas, mesmo versións

literaturizadas, se as houber, para mostrar as semellanzas e diferenzas. Conclúo coas características dos contos presentados e, en xeral, dos contos eróticos galegos.

Caer abrindo círculos pechachos editado dentro da colección universitaria de libros de homenaxe, está deseñado cun formato elegante, mais, na miña opinión, o tipo de letra utilizado xunta demasiado as palabras e non fai doada a lectura dos textos. Tamén cumpriría revisar o tratamento da numeración dos apartados intertextuais, o uso da letra negra en palabras e en prefixos, e a ausencia dos nomes dos respectivos autores/as dos artigos no índice do libro¹.

Con todo, malia estas pequenas deficiencias, o libro de homenaxe á nosa compañeira Amparo Solla, feito co fondo cariño que lle profesamos, ten rigor académico abondo no contido dos textos. E, sen dúbida, pode ser unha obra de interese para especialistas nalgún dos traballos tratados, así como para outro tipo de público lector.

Camiño Noia Campos
cnoia@uvigo.es

¹ Circunstancia corrixida, con bo criterio, na edición en pdf, que está accesible no enderezo <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/publicaciones/public/show/381>.